



redAcción > ferrol

As celebracións en honor a San Xoán segue a ter protagonismo festivo en varios puntos de Ferrol e comarca. Así, en San Xoán de Filgueira a orquestra Ritmo Joven será a encargada hoxe de animar a sesión vermú e a verbena nocturna. Por outra banda, mañá as atraccións da feira reducirán o seu prezo á metade. En San Xoán de Esmelle ás 13.00 horas celebrarase unha misa seguida de procesión. A continuación a orquestra Ría de Vigo animará a sesión vermú (repetirá na verbena nocturna) e haberá unha sesión pirotécnica. Pola tarde celebrarase un partido de fútbol. Tamén na parroquia mugardesa de San Xoán de Piñeiro haberá unha misa solemne ás 12.30 horas e a sesión musical, ao mediodía e pola noite, corresponderá á orquestra Escaparate.

Por outra banda, hoxe continúan as sardiñadas e luminarias da noite de San Xoán. Así, a AVV Viladóniga-Vilasanche organiza unha actuación das rondalla Añoranzas ás 20.00 horas. Ás 21.00 prenderase unha fogueira e repartiranse gratuitamente sardiñas. A animación continuará coa verbena musical a cargo do dúo Maracuyá. Así mesmo, a AVV de Santa Mariña do Vilar organiza unha gran sardiñada con prezos simbólicos e música tradicional no campo da Igrexa Vella (ou no pavillón do parque Felipe Dopico, se o tempo non o permite). Será a partir das 19.00 horas. Tamén a AVV Beiramar de Pantín organizou un encontro gastronómico no campo da festa a partir das 21.30 e poderá degustarse un menú a base de frituras, sardiñas, postre e bebida a un prezo de 7,50 euros. Haberá sorteo de regalos e a música correrá a cargo de DJ Calimero.

Son a continuación de celebración populares como a de onte na praza do Inferniño que, organizada pola AVV Ensanche, reuniu a numerosos veciños.